

Vida número 6- alleos

Botei bastante de menos os días nos que non houbo ruídos ao redor da miña casa, ou o recinto non estaba cheo de caixas marróns con cintas da mesma cor, que as pechaban con total seguridade e apegos. Botei de menos durmir as miñas horas seguidas; ademais de ser grandes queixas de home maior, xa que xa case durmo en todos os lados, para unha persoa nova tamén continuarían a ser un estorbo. Aínda analizo os pitidos do camiión traendo todas aquelas cousas, que tiraba no xardín e coas que se podía facer un castelo, tanta cousa, tanta cousa...

Sempre coa voz en alto, baixaban e subían os nenos por ese camiño a esperar ás persoas que ocuparían de novo aquela casa azul que acompañaba á miña por máis de 20 anos e pasara a ser só silencio cando soubemos que a deixaban atrás.

Onde ía: os pitidos do camiión pasaron a converterse na miña alarma matutina e aínda recordo o seu ritmo e notas nun punto exacto do meu cerebro. Moitas veces ese é o lugar onde gardo os recordos que menos me gustan, e non me resultaría estraño. O peor de ter novos veciños (si, son un pouco cascarrabias) non é que sexan familia e teñan demasiada vida que compartir con todos, senón que teñan tanto diñeiro que de seguida vaste deprimir. Eu non precisaba acercarme para nada a aquela xente, e xa tiñan dabondo coa súa vida como para establecer unha nova relación co veciño vello que percorría o mesmo camiño todos os días, e memorizaba as matrículas dos coches para intentar colocalos por orde alfabética. Que cando chegaba a casa sempre deixaba os zapatos fóra e celebraba só todos os festivos.

O que non saben e que, pola contra, aínda que normalmente nas películas sae así representado, as mulleres deses vellos adoitaron ser a luz das súas vidas, ás que todo lles gustaba e apasionaba e facían deles aínda máis alegres. Pois no meu caso non; eu tiña unha muller: era bonita, bonita, pero case non falaba. Tiña uns ollos azuis cuarzo como a casa do lado, e as comisuras da súa boca apertaban moitísimo as súas fazulas ao rir. Sentía un calafrío cada vez que a vía sorrir, e os seus ollos medio desaparecían na súa cara, pequerrechiña e morena. Parecía unha persoa divertida, e si o era, pero non era unha faceta que fora quen de mostrar moito ao mundo. Adela era moi persoal, moi íntima, moi natural. Era unha rapaza introvertida, non direi que era a intelectual e interesante que le libros nas esquinas ou debuxa de marabilla, porque non o era. Pero era moito máis especial que iso. Non hai como definila, sáese dos límites que se poden expresar, pero a Adela dábanselle moi ben as palabras. Se cadra ela sería a mellor para se definir a si mesma. O caso é que ela era moi diferente a todas as mulleres que coñecera antes, e non lle gustaba nada en concreto, era, claramente e de forma confusa, indefinida. Falaba cunha fluidez impresionante, se é que o facía, e argumentaba de forma que parecía que todas as mulleres do mundo verdadeiramente tiñan a razón. Se que eu quixen facer o parvo nunca me parou, porque me parei eu a min mesmo, fíxome abrir os ollos ante o mundo, pero ela, non era non, máis alegre ca eu.

Eu creo que se foi perdendo cos anos, e eu penso, que co tempo, tamén me desfíxen eu. Moito pasou dende que me din conta de que culminara a súa vida por completo e estando namorado, me deixei estragar. A verdade é que eu fora do máis feliz con outra muller, pero esa nena de reflexión que coñecín (Adela) fíxome caer nas súas fauces sen eu querer.

E a min facíame dano estar ao carón desa persoa que parecía que vivía obrigada e sen sentimento e só percibía nela cousas cando estaba connigo. Rematei sentíndome responsable de cada unha das súas bágoas, ata o día que faleceu. Coma se Deus estivera

burlándose de min, deixouna finalizarse na cama, cara arriba, como unha muller vampiro ou raíña das fadas, que agarda a ser substituída.

Adela fun eu mesmo nos meus aspectos máis tristes, pero non podo negar o tremendo amor que sentín por ela.

Porén, houbo outra muller, que tamén xenuinamente formou parte de min. Sen pensar nela intencionadamente, veu canda min un recordo seu en forma de meniño.

Os veciños remataron onte toda a mudanza e fixen unha festa para celebralo. É festivo, polo que hai dobre causa pola que estar só bebendo o viño que o médico me recomendou non beber e rindo unha soidade que non debería ter. Como dixen antes, botei tremendamente de menos esas noites nas que podía durmir tranquilo e, aquí están de volta, ou esperemos que duren, se é que os inquilinos non van explotar nadiña.

Véxoos baixar e cóntoos: un, dous, tres, catro, cinco... oito?... e can.

Oito persoas non podo tolerar que estean rañando na miña orella todos os días. Entón caín en que tres delas estaban para axudar coa mudanza e que poderían ser os tíos e a curmá. Sóubeno porque marcharon ao rematar, e os seus nomes non aparecían escritos en ningunha das paredes de cartón das caixas. Os vellos non teñen moi bo oído, pero eu si, non te engañes, e aprendín os nomes ao momento:

Karen (curmá), *Berto* e *Alessandro* (tíos).

Ordenei os seus nomes por orde alfabética (moi fácil desta vez) e xuntei a súa matrícula coa da familia Rozas-Maroto e a do camión que vira con eles. JRM, KLC (bastante nova) e GMV. Polo tanto, quedara: GMV, JRM e KLC e vou colocando en algún aparcamento o seu código, entre os coches que xa se atopan alí e esperan a ser clasificados pola miña mente áxil.

O dos apelidos da familia dos veciños descubrino moito despois, cando se foi escoitando polo barrio a influencia que viñan tendo os hóspedes. Chamoume a atención o primeiro apelido, igual ao desa muller que coñecera no pasado e semellaba estar canda min sempre. O primeiro dato do que tiñas consciencia era o diñeiro que posuía aquela familia, non quería pensar que levaran ningún comercio ilegal, pero ao segundo día, instalaron unha piscina. Reformaron practicamente toda a casa e pintárona de novo, sacáronme aquel azul brillante que me recordaba a Adela. Seica era un sinal de abrir camiño a outros pensamentos. Agora a casa era amarela, e daba a risa con só observala, pois rematárona cun tellado branco e calquera pensaba que aquilo podía ser un curral de pitas.

Tíñame curiosidade saber por que fixeran tantos cambios, e rematei pensando que aos ricos, gústalles gastar cartos.

Porque si.

Porque poden.

Entón chegou o día no que a comunidade de veciños decidiu facer unha reunión para arranxar uns asuntos (non, non é isto unha peli e lles demos a benvida). Dábame moita preguiza ir, pero levantei o cu porque souben que aínda me faltaba por comentar un problema que tiña coa auga da billa na miña casa, que se cortaba con algúns minutos de expulsión seguida. Á reunión asistiu o pai da familia (*Xurxo*) cos seus dos nenos, un un chisco maior, pero non o suficiente como para quedar coidando só á irmá na casa. A nai, polo que me decatei, fora a levar ó can ao veterinario, porque non paraba de saloucar. O can chámase *Ron*, como un neno mago co pelo roxo dunha saga de pelis que lle gustaba a Adela, pero a min sóname a bebida alcohólica. Faime unha graza incomprendible.

O can non ladra, nada, nada. O problema é que tampouco obedece moito, e sempre anda perdido, e non contesta, e non ladra, e non volve... non me sorprende que se tragase algunha pedra ou algo polo estilo.

Tras a explicación, Xurxo proseguíu:

- Esta é Roma- sinala a unha nena duns 5 anos- e este é Oliver- duns 8 ou 9 anos- saudade nenos, que estos son os nosos veciños.
- Non entendo, que é isto?

Oliver preguntou, notándose a pouca gana que traía de asistir á reunión, pero á vez interesado por saber que se facía nela. Roma desprazou as súas manciñas pola saia, que estaba a enrugarse e recolocou o seu bolsiño con brillos, que seguramente costara máis que o meu coche. Repito, a nena debía ter 5 anos.

Mirei para Oliver. El coincidiu conmigo no momento, e non sei por que, sentínme como un neno de novo, e sentín ganas de fuxir dalí e ir a xogar ao parque. Tiña ganas de contarlle os meus segredos sen vir a conto e levalo a algún lugar onde non aborrecera.

Sei que falo moito dos ollos. Cansei de describilos, pero estes eran especiais.

Oliver tiña uns ollos grandes, enormísimos (se é que eso existe) de cor verde intensa. Esas cualidades non destacaron na memoria pero si as súas pestanas, con esa forma tan peculiar de subir cara arriba e cara os lados de forma esaxerada. Eran un cacho máis claras que as cellas e eran tremendamente longas. Entón si, entón lembrei, como Lúa me facía aloumiñar os seus ollos cando non podía durmir, e como erguía as cellas escuras coa larga fronte que tiña, e lembrei o seu pelo loiro que cambiaba coas estacións e se mezclaba coa lúa.

Lúa Rozas, podería ser a túa avoa, meniño? Non me sorprendería nada que ela loitara por poñer ao seu fillo, o seu apelido primeiro.

Xa repetín tantas veces que nada me sorprende, que a ver se segue así, mentres tanto todos estes acontecementos son a min, alleos.

Sala de repouso 2

- Ola.

A seguinte visita apareceu de xeito apresurado, non lembro ben canto tempo pasou dende a anterior pero teño a sensación de que falei demasiada información en pouco tempo. Abrín os ollos e regresei a mirada á escuridade que rodeaba á sala, onde contarlle a un sabio aire como solucionar as miñas vidas.

- Ola.- respondín.
- Parabéns a Sabela.
- Moitas grazas- xa soubo da noticia. Colléronme no casting de modelaxe, o primeiro no que entro e, non asimilo aínda que cheguei á liña da meta que a sala me propuxo.- non sei que debo facer agora.
- Céntrate nas outras vidas. Debemos comezar á análise, estamos?

- Si.
- Vida número 2. Cántame novas.
- Naia.- a miña cabeza acomodouse dentro da súa mente, ata entender que me falaba a min- pois pasou un mes dende que deixei de visitar a Xoán e decidín pasar máis tempo comigo. Abandonei o de ir con ir présas a cada ferida e o primeiro que fixen foi comezar a ler. Gústame moito ler, sempre me gustou moito, pero o apartara un pouco de min durante os anos que traballei nesa oficina, que consumía todo o meu tempo. Agora mesmo comezo a devorar libros de novo, seica lin uns 7 este mes.
- E logo? Queda algo especial?

A sala sabía que si había algo especial. Agardei a contarllo, para manter a tensión e logo lembrei que simplemente o sabía todo, así que dunha forma que mo repetín a min mesma en alto o contei:

- O primeiro libro que collín foi un día que saín a comprar. Pasei pola sección de lectura e vin a súa portada rechamante: “Sete vidas”. Ao momento pensei que se relacionaba conmigo pola forma que tiver eu de malgastar sete anos chorando polo mesmo pozo sen fondo, pero agora claramente entendo que é. Entendo o que fixeches, sala.
- Estou a sorrir.

Describiu os seus xestos, para que comprendera.

- A portada tiña varias faces colgadas dun teito, sumidas na escuridade. Aparecías ti!

Agora xa riu. Ou rin eu por dentro.

- Tamén aparecía un gato na parte de abaixo, que me miraba aos ollos fixamente e pedía que fose a abrillo.

Sala esperou a que contara a parte máis interesante. Eu xa aí dentro comezaba a adiviñar o que estaba pasando.

- Mirei o autor: “Bieito Fernández” e me percorreu unha chispa polo corpo, se non recordo mal. A mesma que agora me sube pola gorxa contándome isto. Ben, lin o libro, fantástico que foi, falou de como o gato vivía as súas sete vidas, seguido de repetidas metáforas e moito, pero que moito humor. Inspiroume tanto, descubriume tantas ideas, que quixen escribirlle a Bieito.

Fixen unha breve pausa, porque agora era eu a que sorría, a que esperaba a que sala continuara coa historia porque eu xa rematara de comprender no que convertira a situación.

- Vamos ser sinceros. Eu era unha persoa triste, non teño dúbida, pero el respondeume ao día seguinte de escribirlle e comecei a concebir todo moito máis positivo. Hoxe en día, só podo decir que son feliz. Bueno, seguimos a falarnos, e así durante un mes. Ao rematar este, encontrouse escribíndome que se namorara de min, e eu non souben que dicirlle.
- Esperaches uns días- axudoume a continuar.
- Efectivamente. E pensei en todas as cousas que perdería se non aproveitara esa oportunidade que me daba o mundo de volver a sentirme así de ben. Acabei remitíndolle outra carta máis, pero non quixen mentirlle, explaneime nela con todo o meu corazón. Seguí e seguí dándolle voltas a todo. Finalmente, tiña máis que sabido que me gustaba ese home, así que llo puxen. Llo puxen para que por enriba de todo saiba que o quero igualmente, aínda que estea pausada por aspectos do mundo que me impiden a mellora paulatinamente, cando penso en min anos atrás.
- E agora sabes...
- ... que Bieito tamén son eu.
- Podes explicarme como xurden agora as túas ideas?

Si, así como o escoitades. A miña vida número 3 se xuntou coa número 2 e agora resulta que andan namorados. Isto é aínda máis estrano do que pensara, porque recordo todo por ambas partes. Entón, todo acontece de xeito simultáneo? Ou cada acción obtén a súa resposta despois? Algo... que non podo percibir?

Outra cousa que me cuestionei no momento é: todo iso foi produto da sala para mellorar dúas vidas? Xa non sei quen son ben eu.

- Bueno, por agora obtiveches **paciencia**, o asunto quedará pechado en canto Bieito se aclare ben coas súas propostas, que a miúdo adoita ocultar pola súa inexperiencia. Pero te desexo moita sorte.

Xuraría que chiscou un ollo nese momento, esa foi a sensación, e me sentín bailando nun teatro de marionetas coas que xogaba esa voz.

Bieito non deu outro paso máis, así que aínda que vamos por orde, hai que pasar a falar sobre outra vida diferente.

- Vida número 5.
- Vaia salto. E a catro?
- Esta é importante.

Cambiei o *chip* no cerebro e pasei a ser Mariña.

- Estou ben.- non son moi faladora.

- Mariña. Tes unha libreta, non si?
- Si, teño.
- E que escribes nesa libreta?
- Pois... de todo o que se me pase pola cabeza. A historia máis recurrida é a de Nube.
- Quen é Nube? E explícao ben.

Naquel momento figuraba a miña nai preguntándome quen eran os meus amigos e como se chamaban, e eu lle mentía inventándome nomes e describindo amigos que nunca apareceron.

- Nube é froito da miña imaxinación, e da falta de compañía. Non comprendo se é pola idade, pero ultimamente non tolero aos meus pais, a única acompañante aceptable é a miña cadela. Nube naceu do pensamento de envexa que podería ter alguén sobre a miña vida. Non me explico. Ela ten problemas que eu non, e desexaría ser eu, xa que ninguén o fai. Vive noutro mundo, aínda non sei se no de arriba ou no de abaixo, pero alí queda esperando a que deixe de ser primavera, por exemplo, e soño que a través dun telescopio me ve escribindo na libreta á miña amiga intergaláctica.
- Eso é bonito, pero, por que cres que te tes que inventar a Nube? Non podes facer amigos?
- Supoño que teño uns gustos moi específicos, aínda que tampouco desenvolvín moito a miña personalidade, porque xa crecín illada, nesta vila de loucura.
- Mariña, creo que necesitas máis atención.

Conclusión: **atención.**

Penso que non foi moi doado para a sala dicir que teño que facer amigos, porque sabe ben que para persoas como eu non é nada fácil, e ademais aínda que o dixera en serio, non tiña por que facer falta. Moitas persoas viven ben e plenamente estando soas. Pero á miña convivencia non lle pode afectar desta maneira a presenza doutra xente, así que teño que ir desenvolvendo coas forzas unha cordiña que me saque do mundo paralelo ao que baixe, ou subín. Sen a sala preguntar nada, volvíñ Marcelo.

- Hola, Marcelo, como foi a instalación total dos teus novos veciños?
- Ben, foi ben, xa orara eu para que iso parase dunha vez. Agora que están aquí empezaron a saír as raíces de cousas nas que xa non pensaba, pero o feito de que á miña vida cheguen cousas novas faina máis inestable, máis impredecible, e o medo xurde.

- Marcelo, es supersticioso?
- Non, a verdade, nunca crin en trapalladas desas.
- Entón deixa de pensar tanto e segue a descubrirete a ti mesmo.

A voz calou. Da vida número 6 xa non se falou máis. Marcelo desapareceu para espertar noutra vida ao minuto seguinte e todo quedou en silencio.

Decateime de que levar a cabo o mantemento de tantas vidas era unha labor máis complicada do que parecía, e aínda que algunhas se fosen resolvendo, quedaban moitas raias que trazar para alcanzar as metas que a felicidade nos pon polo camiño.